

MEMORIA 2023



abertal

confiando desde 1979

Editado por:

Asociación Centro Xuvenil Abertal
Rúa Venezuela 3, baixo – 36203 VIGO

abertal@abertal.org

ÍNDICE

Saúdo

Como somos

Que facemos

Os números

Economía

Con solidariedade

En rede

Comunicación Social



SAÚDO

Hai agora 200 anos, un neno, Xoanito Bosco, tivo un soño que non esquecería o resto da súa vida. Nel descubriu que a súa misión consistiría en levar unha man amiga a tantos mozos e mozas con necesidade de comprensión e agarimo. O soño ocorría nun lugar que lle parecía coñecido, nunha pradeira preto da súa casa. Nese lugar familiar, mais con xente descoñecida, tratou de ofrecer un ambiente de crecemento e confianza no que, quen acudían a el, podían sacar o mellor de si mesmos.

Desta historia xa pasaron dous séculos... Son moitas as persoas que din coñecer aquel soño, e como se desenvolveu por todo o mundo, máis aló do prado de herba fresca próximo ao fogar. Este soño de Xoanito fíxose realidade; venceu ao tempo e segue atravesando fronteiras! A semente daquel soño multiplicouse en colleitas de bondade por tódolos recunchos do mundo.

Nesta memoria que tes nas túas mans –ou na túa pantalla– aparecen cantidade de soños realizados, froito da historia de Abertal, que comezou en 1979 como parte dese soño. O que somos e o que facemos non son só uns proxectos consolidados –como mostran os números e os datos económicos–, son parte deste soño que busca revitalizar o protagonismo xuvenil, coidar aos colectivos en situación de vulnerabilidade e potenciar un voluntariado da sociedade. Detrás de cada proxecto, de cada número e de cada publicación nas nosas canles de comunicación, escóndense unha chea de historias nas que se encerran os soños de todas as persoas que senten que Abertal os acompaña nas súas vidas. Que esta memoria sirva para agradecer a tódalas persoas que fan posible que estes soños, ademais, sexan unha realidade.

Mateo González
Director CX Abertal



COMO SOMOS

PROTAGONISMO XUVENIL

As actividades nacen da proposta de mozos e mozas animadores e animadoras, dende a autoxestión e a participación.

Especial atención a colectivos en **SITUACIÓN DESFAVORECIDA** e situación de risco social

Co **VOLUNTARIADO** como eixo transversal, non só porque os proxectos e actividades son posibles grazas á participación voluntaria, senón porque cremos na acción voluntaria como transformadora da sociedade.

Con **ESTILO SALESIANO**:
acompañamento, patio, proximidade, amor, ampla acollida, protagonismo xuvenil, opción cristiá de vida..., elementos todos da nosa identidade.



QUE FACEMOS

Alternativa Vaivén

Actividades de lecer educativo e educación en valores, enmarcadas nun itinerario de educación na fe, para nenas e nenos de entre 6 e 14 anos. Grupos de tempo libre, os sábados de 11:00 h a 13:00 h., con excursións, acampadas, campamento de verán...

Saltimbanquis (6-9 anos) Andaina (9-12 anos) ADS (12-14 anos)



Grupos Xuvenís

Grupos de educación en valores, do itinerario formativo salesiano, para mozos e mozas de entre 14 e 19 anos, que se xuntan semanalmente. Unha experiencia que lle dá continuidade ao itinerario de educación na fe, con xuntanzas e campamentos de verán... abordando temas de interese e crecemento persoal.

Adolescentes (14-16 anos) Xuventude (16-19 anos)



Catecumenado

Experiencia comunitaria de formación e maduración, para mozos e mozas maiores de 19 anos, que se xuntan semanalmente, e que tamén participan noutras propostas extraordinarias semestrais.

Cate 1 (19-20 anos) Cate 2 (20-21 anos) Cate 3 (22-24)

Comunidade Xuvenil (>25 anos)



Voluntarízate

Proxecto dirixido á sensibilización e fomento do voluntariado social, especialmente en actividades lúdicas e de lecer, con acompañamento e formación das persoas voluntarias que se incorporan aos programas e proxectos da asociación. Ofrecemos primeiras experiencias de voluntariado e facemos un seguemento semanal destas persoas.



Toupeira

Sala de xogos e bar sen alcohol, onde se ofrecen servizos e se promoven actividades lúdicas e deportivas, información xuvenil, campañas de sensibilización, lecer nocturno, concertos, exposicións, centro de recursos, lugar no que estar... Actividades dirixidas a xente moza de entre 14 e 35 anos. Unha liña clave de traballo é o apoio a proxectos propostos e autoxestionados por mozos e mozas, arredor dos centros de interese, entre os que destacan as actividades xuvenís, a comisión de solidariedade e a comisión de música.

Xinxín

Proxecto de intervención socioeducativa, para rapaces e rapazas de 9 a 15 anos, en situación de vulnerabilidade, derivados polo equipo de orientadores e orientadoras do Colexio Plurilingüe M^a Auxiliadora – Salesianos Vigo. O proxecto desenvólvese, durante o curso escolar, os martes e xoves, en horario de tarde.



Proxecto FAIN (Familia e Infancia)

Proxecto dirixido a familias en situación de vulnerabilidade.

En colaboración coa Asociación Arela, Abertal dinamizou grupos de actividades de tempo libre, en distintos barrios da cidade, como un dos servizos de apoio social aos nenos e nenas participantes. Este proxecto, no seu conxunto, contou con financiamento de fondos Next Generation EU.



Mañás de...

Oferta de ocio, en horario de mañá, en períodos de vacacións escolares, co obxectivo de facilitar a conciliación familiar, dirixido a nenos e nenas de 3 a 12 anos. Existen varias edicións ao longo do curso, con duración variable: Entroido, Semana Santa, verán (no mes de xullo), setembro e Nadal.





CaixaProinfancia

Programa para a promoción da educación integral e a mellora da calidade de vida de menores en situación de vulnerabilidade, a través do apoio e reforzo educativo e actividades lúdicas. Desenvolvido por Fundación “la Caixa”, e en coordinación coa Asociación Arela.

Actividades extraescolares

Abertal leva anos xestionando as actividades extraescolares do Colexio Plurilingüe María Auxiliadora – Salesianos Vigo, durante todo o período lectivo, cunha proposta de actividades en horarios de mañá e tarde.



Lecer e discapacidade: Club de Ocio e Vigo Inclusivo

Proposta de lecer, coa intención de dar resposta á demanda de actividades e espazos de lecer normalizado para mozos e mozas con discapacidade, traballando en rede con outras entidades deste sector na cidade.

Club de Ocio: actividades de lecer e respiro familiar, autoxestionadas pola propia entidade, en fins de semana. Este ano contamos coa colaboración económica da Deputación de Pontevedra.

Vigo Inclusivo: xestión e coordinación dos campamentos para persoas con discapacidade, en convenio coa concellería de Política Social do Concello de Vigo, en Semana Santa e verán; e acompañamento noutros campamentos de inclusión.

XXXV Campamento Urbano

Campamento gratuíto, na primeira quincena de agosto, para nenos e nenas de 8 a 14 anos, na propia cidade.

Experiencia de tempo de lecer educativo, e escola práctica de animadores e animadoras.

Campamento xestionado e coordinado exclusivamente pola nosa asociación, nas instalacións do Colexio Plurilingüe María Auxiliadora – Salesianos Vigo.



IX Urbano Xuvenil

Actividades de lecer gratuítas, en días alternos, na primeira quincena de agosto, para mozos e mozas maiores de 16 anos, na propia cidade, aproveitando os recursos que esta ofrece.

Servizo Civil Italiano

Mozos e mozas, entre 18 e 28 anos, procedentes de Italia, co fin de realizar o servizo civil italiano na nosa cidade, desenvolvendo accións de voluntariado e educativas no noso centro xuvenil.





OS NÚMEROS

Alternativa Vaivén 87

Grupos Xuvenís e Catecumenado 85

Campamentos de Verán

XVI Mañás de Verán 241

Campamento Saltimbanquis 5

Campamento Andaina 14

Campamento ADS 19

Campamento Adolescentes 14

Campamento Xuventude 27

JMJ 4

Colonias de CaixaProinfancia 100

Vigo Inclusivo 133

XXXV Campamento Urbano 158

IX Urbano Xuvenil 45

Conciliación Familiar

XI Mañás de Entroido 59

XI Mañás de Semana Santa 59

X Mañás de Setembro 77

XIII Mañás de Nadal 55

Extraescolares 221

Xinxín 15

CaixaProinfancia

Centro Aberto 62

Reforzo 70

Club de Ocio 30

Curso Monitores/as de Tempo Libre 19

Servizo Civil Italiano 3

Actividades Xuvenís

Operación Quilo 52

Oración Aberta 15

Asembleas e formacións animadoras 22

VIII Magosto Rock 65

Comisión de Música 7

VITorneo Solidario Baloncesto 3x3 94

Actividades de Don Bosco 323

XIII Torneo Xadrez 12

Torneos pimpón e fútbolín 29

BoscoFest 70

VIII Torneo Nocturno Futsal 134

BoscoChef 78

Recursos Humanos


Contratadas 55

Voluntarias 131



ECONOMÍA

Economía



ABERTAL apoia proxectos solidarios, tanto a nivel económico como humano.

Tamén colabora economicamente coas familias do centro xuvenil, promovendo as seguintes iniciativas:

Descontos de irmáns e irmás

Opción local por reducir o prezo de campamentos a irmáns e irmás.

Ningún neno ou nena sen campamento

Como asociación membro da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, colaboramos co resto de centros xuvenís da provincia salesiana “Santiago el Mayor”, con fondos para axudar economicamente a nenos/as e mozos/as, e que poidan participar nos campamentos do Itinerario de Educación na Fe.

Becas

Financiamos unha parte, ou a totalidade das actividades nas que participan nenos/as de familias en situación económica desfavorable.

Cotas cero

Familias que financian, de maneira anónima, cotas de participación en actividades a outras familias con poucos recursos económicos.

Actividades solidarias

Nadal Solidario: recollida de alimentos e elaboración de paquetes para as familias do barrio atendidas por Cáritas.

Torneo Nocturno de Baloncesto 3x3: recollida de alimentos para o proxecto de Nadal Solidario.

Futbolíns solidarios por Ucraína e Gaza: unha porcentaxe do recadado nos futbolíns da sala de xogos da asociación destínase a proxectos solidarios en Ucraína e Gaza.

Chapas solidarias: venda de chapas para proxectos solidarios da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia.



EN REDE





COMUNICACIÓN SOCIAL



39.255
VISITAS



3.393
SEGUIDORES